

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONY11AB	<i>Expediente</i> CON/51/2014	

ACTA DA 6ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Obras para execución do proxecto básico e execución reformado de rehabilitación do Palacete do Espiño para equipamento municipal.

TIPO DE LICITACIÓN: 1.043.057,85 euros máis IVE.

PROCEDIMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, R/Pte.Salvador Allende, 6-8, 2 de xullo de 2015, ás 9:50 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Jorge Duarte Vázquez.

Vocales: D^a Noa Morales Sánchez, representante do grupo CA
D^a María Corral, representante do grupo PP.
D. Gonzalo Muñíos, representante do grupo PSOE.
D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
D^a Ana Gago, viceinterventora municipal.
D. Francisco Javier Castiñeira, director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Convócase esta nova reunión da mesa de contratación para dar conta das alegacións presentadas pola empresa DRAGADOS á proposta de adxudicación do contrato a favor da empresa UNIKA, que foi acordada en reunión desta mesa de 23 de abril e incorporada á correspondente acta, a que se lle deu publicidade no perfil do contratante do Concello.

Esencialmente, o contido das alegacións basease no feito de que na valoración das ofertas non se aplicou a corrección de erros publicada no BOP con data 16 de outubro do 2014, diferenza de criterio que inflúe de xeito esencial no resultado final.

Estas alegacións foron analizadas polo redactor do informe valorativo orixinal, D. Ignacio Soto, director técnico de DUS, que confirma mediante novo informe que se incorpora ó expediente que, efectivamente, non se valorou correctamente a proposta de redución de prazo de execución, puntuando en función da redacción orixinal do criterio recollida no prego de aplicación e non en función da corrección posteriormente acordada por xunta de goberno de 3 de outubro de 2014 e publicada no BOP de 16 de outubro, e, que, subsanado este erro, a oferta que obtén a maior puntuación e que en consecuencia é a mais vantaxosa das presentadas e a da empresa DRAGADOS SA .

Aclarado así mesmo polo director da asesoría xurídica presente na mesa que as alegacións se presentaron no momento procedimental oportuno e que, aínda sendo evidentemente esta cuestión de carácter técnico, avala xuridicamente tamén as conclusións do antedito informe, a mesa de conformidade cos seus termos, **ACORDA:**


Deixar sen efecto a proposta de adxudicación desta mesa de data 23 de abril a favor da empresa UNIKA e trasladar ao concelleiro delegado de contratación o novo resultado desta licitación, ós efectos de que, dentro das súas competencias, resolva requerir ó licitador **DRAGADOS SA** que acadou a máxima puntuación no procedemento e oferta un importe de 931.972,19 euros IVE aparte, para que dentro do prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte ó da recepción do requerimento, xustifique documentalmente estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como acredite a súa solvencia económica e técnica, e proceda á aboamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes.


Ás 10.05 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA**



O/A SECRETARIO/A DA MESA





**CONCELLO DE
SANTIAGO**



INFORME SOBRE A RECLAMACIÓN FORMULADA POLA EMPRESA “UNIKA PROYECTOS E OBRAS S. A.” SOBRE A PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE EXECUCIÓN DO PROXECTO BÁSICO E REFORMADO DE REHABILITACIÓN DO PALACETE DO ESPÍÑO.-

Obxecto: Polo Servizo de Contratación Administrativa trasládase o día 14 de xullo dos correntes a esta Asesoría Xurídica o expediente do procedemento aberto para a contratación da obra sinalada no enunciado, a efectos de elaborar o preceptivo informe xurídico sobre a reclamación da empresa “UNIKA” participante no concurso para adxudicación da obra.

Esencialmente a reclamación impugna a rectificación pola Mesa de Contratación na sesión celebrada o pasado día 2 de xullo dunha anterior proposta de adxudicación da mencionada obra a favor do interesado, despois de advertido erro na ponderación aritmética da puntuación obtida polos licitadores na cláusula 10º “Criterios de adxudicación” do Prego, apto 4º “Reducción do prazo de execución da obra”. O técnico redactor do informe explicou o erro por aplicar un baremo distinto previsto por unha versión anterior do Prego de condicións económico-administrativas.

ANTECEDENTES

1º.- Para a realización do presente informe tivose en consideración o expediente completo da contratación administrativa nas súas fases preparatoria e de licitación, ata a proposta da adxudicación ó Organo de Contratación pola Mesa de Contratación que é o acto de trámite impugnado pola empresa licitadora. A Mesa modificou a súa proposta inicial en base a un informe do arquitecto municipal que elaborou o informe técnico sobre as propostas, recoñecendo o erro dun informe anterior que chegou a unha conclusión erronéa por aplicar un baremo distinto ó previsto nos pregos.

2º.-En particular tivose á vista o Prego de cláusulas económico-administrativas, sobre todo no relativo a redacción literal do apartado da Caúsula nº 10 “Criterios de adxudicación” e o informe do arquitecto municipal asinante do informe técnico de data 1 de xullo de 2015.

O informe do arquitecto deu conta dun erro aritmético producido ó ponderar as ofertas en canto a redución do prazo na execución do proxecto, por aplicar erróneamente un baremo anterior correspondente a unha primeira redacción do Prego, posteriormente correxida legalmente.

3º.- A representación da empresa “UNIKA PROYECTOS Y OBRAS S. A.” na reclamación presentada no rexistro de Entrada do Concello de data 8 de xullo dos correntes, alega o que estimo oportuno no seu dereito , en sintese manifesta:

I.- Nulidade do procedemento e en particular do acto de trámite que se impugna por invalidez esencial, considerando que a rectificación da Mesa de Contratación en canto a proposta e relación das puntuacións dos licitadores oferentes, non obedece á rectificación de meros erros materiais ou aritméticos e polo contrario, debese ao cambio dos criterios de adxudicación.

II.- Ademais se lle produxo indefensión ao non ter coñecemento anterior dun escrito que presentou a empresa que resultou finalmente adxudicataria, advertindo do erro no cálculo.

Dase por reproducida a documentación mencionada a efectos da redacción do informe.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

PRIMEIRO.- Consideración previa e xeral da cuestión suxeita á controversia xurídica.-

As alegacións da representación da entidade mercantil interesada e inicialmente proposta como adxudicataria, danse como queda dito por reproducidas.


Con independencia de que ao respecto da argumentación do Prego de alegacións, o interesado parece coñecer perfectamente o fondo do asunto en canto á suposta indefensión, poren para coñecer a transcendencia da cuestión de fondo da pretendida nulidade do procedemento é necesario previamente determinar se na presente cuestión estamos en presenza dun mero erro aritmético no cálculo da puntuación obtida inicialmente polas licitadoras.

Consideramos enton que é pacífico na doutrina e innegable a tenor da propia norma insita no art. 105.2 da Lei 30/92, de 26 de novembro, que a competencia para subsanar o erro corresponde, como é obvio, a Administración que dictou o acto que adoece de aquel (máxime se aínda é un mero acto de trámite).

Debe asimesmo partirse da consideración de que a tenor do establecido no art. 160.2 do TRLCSP “La propuesta de adjudicación no crea derecho alguno a favor del licitador propuesto frente a la Administración.”

Elo non quere decir que a rectificación non teña transcendencia algunha pois o parágrafo mencionado engade un segundo inciso “No obstante, cuando el órgano de contratación no adjudique el contrato de acuerdo con la propuesta formulada deberá motivar su decisión”.

En definitiva o contratista conta con toda a lexitimidade para formular a reclamación pois aínda que non se trate dun acto vinculante condiciona a decisión definitiva.



**CONCELLO DE
SANTIAGO**



Agora ben a subsanación dun erro material non debe afectar o contido xurídico do acto no que se inserta, en este caso a proposta a favor da mellor oferta segundo os criterios técnicos, o cal non significa que non poida determinar a supresión de posibles dereitos subjetivos que deriven do acto administrativo, e decir, opera tanto nos actos declarativos como nos de gravamen (como se encarga de recordarnos repetida e consolidada Xurisprudencia).

Para concluir este apartado dedicado modestamente a sentar os criterios do presente informe, afirmamos que en todo caso a empresa “UNIKA” non tiña mais que unha mera posibilidade fundada dentro do devenir da tramitación do procedemento, que non chega a acadar a expectativa de dereito. Un acto ditado como consecuencia dun erro material equivale a facelo con total descoñecemento e por tanto mais que nulo, sinxelamente non existe.

SEGUNDO.- A rectificación da proposta da Mesa de Contratación non obedeceu mais que a unha rectificación dun erro material no informe técnico previo.-

Segundo a secuencia dos razoamentos expostos no ordinal anterior e, o mesmo tempo empregando as mesmas premisas xurídicas aludidas en adverso pola entidade reclamante, trataremos modestamente de probar que é palmaria esta rectificación meramente material ou aritmética.

A doutrina xurisprudencial sobre o alcance do erro material queda exposta con toda claridade na Sentenza do Tribunal Supremo de 18 de xuño de 2001, a cal remítese a Sentenza de 15 de febreiro de 2006 na que se dí:

“Es menester considerar que el error material o de hecho se caracteriza por ser ostensible, manifiesto, indiscutible y evidente por si mismo, sin necesidad de mayores razonamientos y, por exteriorizarse “prima facie” `por su sola contemplación (frente al alcance de una declaración jurídica, seguida de una declaración basada en ella, que ostenta el error de derecho), por lo que para poder aplicar el mecanismo procedimental de rectificación de errores materiales o de hecho, se requiere que concurran en esencia las siguientes circunstancias; (vamos a relacionarlas y comentarlas en conexión con el presente supuesto);

A partir de esta cita literal vamos a tratar de apoiar con fundamentos fácticos e xurídicos que en este caso se cumpriron todos os postulados citados e de aplicación na doutrina referenciada, seguindo os propios postulados da sentenza.

1.- “Que se trate de simples equivocaciones elementales de nombres, fechas, operaciones aritméticas o transcripciones de documentación”.-

Da mera lectura do informe do arquitecto do 6 de xullo se observa como por mor dun erro inicial consistente no emprego dunha versión do Prego rectificada legalmente, é decir unha transcripción documental erróneamente empregada no cálculo, se produce unha operación aritmética erronéa non polo o seu propio resultado aritmético senon porque se parte duna ponderación ou abano de puntuacions erróneas segundo o criterio de adxudicación do Prego legal e que serviu de fundamento do procedemento.

2.- “Que el error se aprecie teniendo en cuenta exclusivamente los datos del expediente administrativo en el que se advierte”.-

Así é, como queda dito o Prego en canto o obxecto de esta controversia, foi legalmente rectificado na fase de preparación do procedemento contractual, rectificación que foi oportunamente publicada e non impugnada.

De elo queda constancia como é obvio no propio expediente administrativo.

3.- “Que el error sea patente y claro, sin necesidad de acudir a interpretaciones de normas jurídicas aplicables”.-

Para detectar o erro non se precisa mais que acudir as regras da sana lóxica. O primitivo informe reiteramos partió de unha formula ponderativa distinta da prevista no Prego.


4.- “Que no se proceda de oficio a la revisión de actos administrativos firmes y consentidos”.-

No presente suposto tratouse da rectificación dun mero acto de trámite da Mesa de Contratación ou organo técnico colexiado que formula a proposta ó órgano decisorio. Nada que ver co establecido no art. 102 da LPA e disposicións concordantes para actos firmes.

5.- “Que no se produzca una alteración fundamental en el sentido del acto”.-

O sentido do acto que é formular a proposta aplicando os criterios de valoración contemplados no Prego que rexe o contrato non varia en absoluto. Como dí a xurisprudencia na actuación da Mesa de Contratación non se precisou de ningún xuízo valorativo para a detección do erro nin menos aínda de unha nova operación xurídica.

Por último engadir completando o xa manifestado no epígrafe precedente que non se ten producido quebra algunha de dereitos subxetivos nin se ten producido un novo acto sobre bases diferentes nin se trata de ningunha revisión.



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Concluimos este epígrafe afirmando que no modesto criterio do funcionario que suscribe tratase tan so da rectificación dun erro material que de non ser resolta podería determinar a nulidade da adxudicación.

TERCEIRO.- O respecto das garantías do interesado.-

Queda implícito polas consideracions argumentadas ao presente, que o que fixo a Mesa aceptando a comisión do erro foi precisamente preservar a aplicación dos criterios dos pregos de cláusulas económico-administrativas que rexe o contrato para a súa adxudicación.

Por outra banda o propio interesado coa presentación das alegacions que se están a contestar, evidencia a inexistencia de indefensión algunha, sen que fore preciso un trámite específico de audiencia ao interesado, cando o único motivo da rectificación é o despiste do técnico por empregar un baremo distinto por mor dunha versión anterior que despois foi substituída legalmente e con carácter definitivo, constituindo “lex ex contractu”. O propio interesado aceptó o Prego que rexe o procedemento unha vez modificado e agora que pola correcta aplicación sae perxudicado e cando o considera subsidiariamente inválido dende o punto de vista legal e solicita en todo caso a anulación da adxudicación.

Para concluir se o interesado o estima oportuno, no caso de que o Organo de Contratación adxudique seguinde a proposta da Mesa, poderá presentar cantos recursos e accións que en defensa dos seus dereitos lle outorga a legislación vixente, sobre impugnación de actos definitivos en materia de contratación.

Por todo o que antecede recomendo rexeitar as alegacions formuladas pola representación da empresa “UNIKA PROYECTOS Y OBRAS S. A.” e continuar co procedemento.

Santiago 16 de xullo de 2015

O SECRETARIO XERAL-DIRECTOR DA ASESORÍA XURÍDICA





<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONY11AB	<i>Expediente</i> CON/51/2014	

ACTA DA 7ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Obras para execución do proxecto básico e execución reformado de rehabilitación do Palacete do Espiño para equipamento municipal.

TIPO DE LICITACIÓN: 1.043.057,85 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Servizo de contratación do Concello de Santiago, 23 de xullo de 2015, ás 9:25 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Jorge Duarte Vázquez.

Vocales: D^a Noa Morales Sánchez, representante do grupo CA
D^a María Corral, representante do grupo PP.
D. Gonzalo Muñíos, representante do grupo PSOE.
D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
D^a. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Os membros da mesa de contratación, toman coñecemento das alegacións presentadas pola empresa UNIKA contra o acordo desta mesa de deixar sen efecto a proposta inicial de adjudicación da licitación ó seu favor, proponendo a adjudicación definitiva a favor da empresa DRAGADOS. Dado ó seu contido estritamente xurídico, as alegacións acompañan informe da asesoría xurídica municipal, polo que a mesa límitase a aceptar a proposta de rexeitamento que o antedito informe incorpora como conclusión.

Seguidamente e logo de analizar a documentación acreditativa da solvencia económica e técnica así como da capacidade de obrar presentada polo licitador proposto como adjudicatario, **DRAGADOS SA.**, a mesa considera acreditada a mesma, e polo tanto ratifica a proposta de adjudicación acordada na anterior sesión desta mesa de contratación a favor do mencionado licitador.

Ás 9.35 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA

O/A SECRETARIO/A DA MESA